

Niño y pistola e Manos de topo primeiros premiados no Festival de Cans'09

- Niño y pistola e Manos de topo foron, respectivamente, premio do xurado e premio do público do III Concurso de Videoclips do Festival de Cans
- Esta noite gran actuación de Kiko Veneno, que presenta en Cans o seu novo disco e fai un repaso dos seus grandes éxitos
- Mañá é o día grande do Festival de Cans con 10 salas de proxección, 17 curtametraxes a concurso e outra dúas de propostas audiovisual nas salas de acceso libre.
- O director Manuel Martín Cuenca protagoniza o Coloquio na Leira do VI Festival de Cans, presentado por Antonio Durán “Morris”
- A música non descansa no día principal de Cans con actuacións da Banda de Música, Os Veraneantes, A Tuna Rastafari e Rancheiras, Cé Orquestra Pantasma, Lamatumbá e Dj Lagartija

Cans (O Porriño), venres 22 de maio de 2009. O grupo baionés Niño y Pistola e Manos de topo (Vigo/Barcelona) foron os primeiros premiados no Festival de Cans deste ano, concretamente no III Concurso de Videoclips. Ao remate da presentación das propostas musicais participantes na noite de onte, xoves 21 de maio, o xurado -formado por César Strawberry (Def con Dos), Luis Pardo (presentador do programa Banda Curta da TVG) e Chema Rey (do programa El Bulevar de Radio 3)- deu a coñecer a súa escolla: o videoclip do tema “Gone to Liverpool” de Niño y Pistola. Pola súa parte, o público seleccionou como mellor videoclip o da canción “Es feo” de Manos de topo, resolución que se coñeceu hoxe tralo relato das votacións. Os dous traballos poderán volver verse no Jalpón Friki (Jalpón de Alicia), de acceso libre, ao longo da tarde de mañá sábado. Ademais, participaron no III Concurso de videoclips do Festival de Cans outros doce grupos: Sr. Anido, The blows, Quant, Ragdog, Catpeople, Forraje, Silvia Superstar, Aphonic, Daga de 2 puntas, Stereotipos, Quant e Igloo.

A programación audiovisual para esta tarde no Baixo do Moncho ábrese coas proxeccións do Shoot-Me Film Festival de Holanda e do Festivalito de La Palma, cerne xunto co Festival de Cans da rede internacional Anywhere Cinema, caracterizada por levar o cinema aos lugares máis insólitos. Deseguido, os “fillos de cans” (directores que pasaron noutras edicións polo festival) amosarán imaxes inéditas dos seus actuais proxectos. Quique Otero avanzará os primeiros fotogramas dos “Crebinsky”, Jorge Coira de “18 comidas”, Fernando Cortizo de “O Apóstol”, Pablo Iglesias de “Clangor” e Mario Iglesias de “Relatos”. Ás 19:30 terá lugar a estrea en Cans da curtametraxe “Sonata para un dueto”, coa presenza do director, Javier Ruiz, e dos actores. Ao seu remate Rubén Coca presenta “A nena que tiña unha soa orella”, acompañado da escritora Lucía Etxebarría, autora do relato, e do debuxante e deseñador Víctor Coyote.

Trala procesión de chimpíns ateigados do starsystem galaico, ao carón da marcha festeira dos Treboeiros de Muimenta, actívase o punto neurálxico do Festival de Cans: o torreiro da festa. Alí verase o making off de Cans'08, o resultado o proxecto Cans 303 coa proxección de “Houston” de Jorge Saavedra, a presentación da serie de TVG “Última hora” e a presentación do documental “Querida Gina”. Así mesmo, teremos a primeira entrega de premios: aos gañadores do Concurso de Videoclips, os Chimpíns de Prata para a actriz Camila Bossa, gran difusora do festival, e para o carpinteiro local e condutor de chimpín Silvino González Baceo e máis o prestixioso Premio Pedigree para o homenaxeado deste ano, o director Xavier Villaverde.

Un ano máis a música acada tamén protagonismo no Festival de Cans. Ás doce da noite comeza a festa coa estrea mundial do grupo Teté Delgado y Los Ciclones, rockabilie feito con paixón. Logo un grande da música, Kiko Veneno, chega a Cans co seu novo disco e cos éxitos de toda a vida. E para os máis trouleiros, a partir das dúas da mañá continúa a xoldra en sesión DiscoChimpín con DJ Lagartija.

Natureza, cinema e música no día grande de Cans

Mañá sábado 23 de maio será o gran día en Cans. Os máis madrugadores e amantes da natureza e da etnografía poderán unirse á Rota da auga. Con saída ás dez da mañá dende a igrexa de Cans, os camiñantes serán guiados a partir das canles de regadío por regatos, muiños, fontes e lavadoiros ata chegar ás principais presas de Cans; unha hora e media de pateo para reflexionar sobre a importancia da auga.

Ás 11:00h. inauguramos unha nova sección chamada “Dalleoplai” na sala máis famosa do festival, o Jalpón Friki. Proxectarase unha selección de pezas inéditas de Manuel Martín Cuenca, coa asistencia do director. Marín Cuenca dirixiu filmes como “La flaqueza del bolchevique” ou “Malas temporadas”. A intervención nelas de Luis Tosar, Javier Cámara, María Valverde ou Leonor Watling poñen de manifesto a importancia que este cineasta lle dá á dirección de actores. Ademais, ten unha interesante faceta documentalista. Vén de estrear “Carrillo, último testigo” no Festival de Málaga e traballou varios meses nun documental sobre Evo Morales antes de que este acadase a presidencia en Bolivia. Manuel Martín Cuenca será tamén o protagonista dos Coloquios na Leira deste ano. Presentado por Antonio Durán “Morris”, segue así a estela de Tristán Ulloa e Juanma Bajo Ulloa nunha das actividades máis concorridas do festival.

Rematará a mañá no día grande do Festival de Cans coa Sesión Vermouth amenizada pola Banda de Música do Porriño. No pasarrúas dende o bar Fortes ata o torreiro e na súa posterior actuación interpretarán un emocionante repertorio coas máis emblemáticas bandas sonoras do noso imaxinario cinematográfico, especialmente ensaiadas para a ocasión.

O desfile de chimpíns activa o torreiro de Cans

Despois do descanso para xantar, ás tres e media da tarde reavívase o centro neurálxico de Cans coa procesión de chimpibuses animada pola música dos Veraneantes. Quedará inaugurada deste xeito a xornada principal do IV Festival de Cans. Ás 16:30h. acende os motores a flota de chimpibuses eponse en funcionamento o servizo de distribución de espectadores ás salas con

proxeccións a concurso: 8 salas (Cuberto de Chelo, Casa do Pato, Cuberto de Antonio, Baixo de Alfonso, Baixo de Moncho, Casa de Bugarín, Casa do Carreira e Casa de Mari), 12 curtametraxes de ficción e 5 de animación.

Os que quedasen sen entrada, que non se preocupen, para eles tamén hai cinema en Cans. Ás 17:00h. comezan as proxeccións nas dúas salas de acceso libre, o Jalpón Friki (Jalpón de Alicia) e a Sala Multiusos (casa do Pedreiro), que funcionan en sesión continua. O torreiro é un fervedoiro de xente ao longo de toda a tarde, con bo ambiente e cervexa a bo prezo, un lugar idóneo para coñecer a actores, directores, produtores... e, sobre todo, aos veciños de Cans. Ademais, á tardiña, no descanso das proxeccións teremos música en directo cunha divertida actuación da Tuna Rastafari e Rancheiras desde O Morrazo.

O sábado é unha xornada longa no Festival de Cans. As proxeccións rematan ás once da noite, polo que para cambiar de chip e introducirnos no ambiente nocturno antes da entrega de premios teremos concerto de Cé Orquestra Pantasma. Á medianoite coñeceremos os nomes dos galardoados no VI Festival de Cans coa esperada entrega de premios: mellor curtametraxe de ficción para o público e para o xurado, mellor curtametraxe de animación para o público e para o xurado, mellor actor e mellor actriz. Para celebralo contaremos cos reis indiscutibles da festa no concerto de peche: Lamatumbá. Pero isto non e todo, para os que teñan máis aguante e para aqueles que tivesen tempo de curar a resaca do día anterior Dj Lajartija ofrecerá unha nova sesión DiscoChimpín. Este ano prolóngase a festa en Cans ata o mencer.

Esperamos vervos por aquí.

Sáúdos e grazas pola vosa colaboración.